

ACTA

En Arzúa, a 3 de xullo de 2018

Sendo as 10.10 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que **valorará os méritos** que foron alegados e xustificados polos aspirantes que resultaron admitidos no proceso de selección -mediante concurso- para poder seleccionar **ás cinco persoas que serán contratadas, namodalidade de “contrato eventual por circunstancias da produción” para a realización do programa de integración laboral (PIL)**”, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial da Coruña, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Cuarta das aprobadas por decreto do alcalde ditado con data 28 de maio de 2018, e iso, por un período de cinco meses, cunha xornada de traballo de vinte e cinco horas semanais

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

•Presidente: Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do Concello de Arzúa*).

•Vogais:

- Ramón Verea Castelo (*encargado de mantemento dos servizos municipais*).

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

Asesora da Comisión Seleccionadora: María José Lage Vázquez (*técnica de emprego no Concello de Arzúa*).

(Non asistindo os vogais Ana Vallo Camba -*axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto*- e Jesús Rúa Taboada -*condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que se proceda a efectuar a valoración de méritos acreditados polos vinte e catro aspirantes interesados en desempeñar os referidos postos de traballo, tendo en conta para iso os documentos acreditativos aportados xunto coa respectiva instancia, para ser valorados de conformidade co Baremo de méritos aprobado que figura recollido como Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección.

Faise constar que, con carácter previo ao inicio da valoración de méritos do primeiro aspirante, a proposta do presidente da Comisión Seleccionadora acordouse -por unanimidade dos tres membros que integran dita comisión-, facer uso da previsión contida na Base Oitava, último parágrafo, das Bases que rixen o proceso de selección e chamar a técnica de emprego do Concello de Arzúa, dona María José Lage Vázquez, para que se integrase nesta Comisión, co obxecto de asesorar á Comisión Seleccionadora nesta primeira fase do presente proceso de selección, por canto que algún dos méritos que figuran no Anexo I das Bases ofrece dúbidas á hora de realizar a súa puntuación, e se presta a diferentes interpretacións e por canto que dita traballadora pode coñecer o alcance da documentación presentada polos aspirantes e a súa situación laboral, mellor que calquera dos membros da citada Comisión Seleccionadora.

Deseguido o presidente dispuxo que se procedese a realizar as comprobacións necesarias, á vista dos documentos aportados por cada aspirante.

Outorgándose -por unanimidade dos tres membros da Comisión Seleccionadora- as seguintes puntuacións.

DNI ou Permiso de residencia	Nº de	Nome e apelidos	Por ter rematados programas de capacitación	Por exp. Prof.	Por ter realizados cursos formativos	Por posuir permiso de conducir clase B	TOTAL
32772373H		José Manuel Matos López	3			1	4
78783890N		Ana Isabel Iglesias Pampín	3		0,1	1	4,1
78783953Y		Ramón Vázquez Mosterio			1,85	1	2,85
20169316H		Jesús Segade Villar				1	1
33254133C		José Ramón Carril Carril	6	3	1,25	1	11,25
X53606376		Mohamed Yahyaoui				1	1
76513330N		Jose Angel Rey Rivadulla	3	3	0,25	1	7,25
44836349B		David Rodríguez Sánchez	6	3		1	10
50747913T		Mª Carmen Diez de Artazcoz	3		0,25	1	4,25
33266819X		Asuncion Crego Alario	3	3	0,25	1	7,25
33235352F		José Luis Pérez Fiuza	3		0,25	1	4,25
45960139K		Roberto Balado Sangiado	6	1,5			7,5
33288990D		Manuela Souto Vázquez		3		1	4
78784942Y		Domingo Pedrosa Beiro				1	1
78805258J		Juan Antas Rodríguez	3				3
45870067V		Alberto Vázquez Vázquez	9				9
78808237W		David Seijo Sánchez		1	0,1	1	2,1
44821655Z		Margarita Quintela Baluja		1,5	2	1	4,5
33280719H		Manuel Castro Moscoso					0

33288185D	Javier López Nieto				1	1
33267559Z	Miguel Angel Meijide Cesar		3	2	1	6
33294590C	María del Sol Vázquez Garea		3	0,25	1	4,25
78787496F	Miguel Angel Castro Valiñas					0
44847994H	Victor Pena Otero	9			1	10

Tras todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos tres membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron outorgadas para cada un dos vinte e catro aspirantes, en base á documentación que aportaron coas súas respectivas solicitudes.

Segundo.- Convocar aos mesmos aspirantes, para que comparezan o vindeiro xoves, día 5 de xullo, a partir das 10.00 horas, no Salón de Comisións da Casa do Concello, co obxecto de realizar as **entrevistas** a que se refire a Base Décima das que rixen este proceso de selección, que serán valoradas cunha puntuación de ata 4 puntos como máximo; facéndolles saber que para a realización desas entrevistas se seguirá o mesmo orde que o da presentación de instancias no Rexistro Xeral do Concello, polo que sería moi difícil de determinar a que hora concreta lle corresponde actuar a cada aspirante.

Terceiro.- Publicar unha copia da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, para dar a coñecer aos vinte e catro aspirantes admitidos neste proceso de selección cal foi o resultado a primeira fase do concurso convocado.

Co cal douse por rematado o acto, as 13.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribida por todos os membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.